

SIMBOLOXÍA XERAL

De todo o creado, o máis perfecto é o home, porque foi feito a imaxe e semellanza de Deus; a perfección do home plásmase na figura do cadrado, no que a anchura dos brazos estendidos debe ser igual á altura do home. O home cos brazos en cruz é a imaxe perfecta de Deus feito home na figura de Cristo Crucificado; a cruz indica os catro puntos cardinais do Universo do que Deus é o Señor.

As **ábsidas** amosan a forma semicircular que se relaciona co rito de construción da igrexa e co seu simbolismo: o círculo representa a perfección divina porque todos os puntos están á mesma distancia do centro que non ten principio nin fin.


A **orientación** é plenamente ritual, desenvolvéndose a través dun eixe que vai do leste ao oeste: a porta está no oeste, no lugar de menos luz, e simboliza o mundo profano, o lugar dos mortos. Entrase ao encontro da luz, ao Paraíso.



A fachada occidental é o lugar máis cuidado do exterior e amosa a disposición xeral do templo. Para salvar o grosor do muro, a porta dispónse por medio dun abocinamento progresivo dos arcos de medio punto (arquivoltas) que descansan sobre as xambas. Entro da porta ábrese un rosetón que ilumina a nave central. O rosetón culmina o simbolismo da porta representando a luz que conduce ao ceo, ao paraíso.

A porta é un resumo de todo o templo, co que reproduce o plano do edificio: os arcos de medio punto representan o ceo (como a bóveda ou a cúpula); o rectángulo (como a nave) representa a terra. O tímpano ocupa o Agnus Dei que simboliza a ascensión de Cristo. Así, a porta separa o ámbito santo do profano; a través dela pásase dun mundo a outro.

O simbolismo da igrexa de Cambre ten que ver co Xuízo Final: toda a decoración da porta avisa ao fiel do que lle pasará se non realiza actos bos.



A ESCULTURA DA FACHADA E A SÚA SIMBOLOXÍA



Xaquelado Follaxe Labrys Bocéis e mediascanas

A liña xaquelada e os adornos xeométricos simbolizan a luz divina, de xeito que eses motivos remiten á luz do Sol que cos seus raios o iluminan todo. O "labrys", labirinto, é un símbolo que o cristianismo relaciona con Cristo: co machado, converténdose nun ícono precursor do sol nacente.



Aves loitando con serpes, caricaturas humanas, animais encabalgados... Todos estes elementos aluden ao mundo da guerra, do pecado, dos vicios. En definitiva, fan referencia ao mundo físico, descrito no Levítico.



Na clave da arquivolta externa aparece a figura de "Daniel entre os leóns" que simboliza o enfrontamento entre o xusto e o maligno: a victoria do home indefenso sobre os leóns ferozes. Sen embargo o profeta é respectado polos leóns grazas á intervención milagrosa de Deus. No libro de Daniel profetízase a chegada do Anticristo que será destruído e vencido pola chegada victoriosa do Mesías.

TÍMPANO: O AÑO DE DEUS

Coroando o centro da porta erixese o tímpano. Nel escúlptese o "Agnus Dei" (Año de Deus) levado en gloria por dous anoxos. Representa un Deus de dobre natureza, posto que é Salvador e Vítima. Tamén simboliza o triunfo sobre a morte, levando sobre o lombo, como bandeira, a Cruz. A cabeza atópase rodeada polo nimbo e o clipeo externo adopta a forma dunha vieira, feito excepcional na arte románica.



CAPITEL HISTORIADO DEREITO DA FACHADA OCCIDENTAL



Os Grifos posúen en xeral unha función simbólica benéfica, como garda de tumbas e tesouros. No capitel nárrese unha historia: á esquerda o anxo coas ás expraiadas é o arcanxo San Miguel; o da dereita é o demó. O arcanxo sostén unha balanza. Trátase da escena que narra o Xuízo Final: o arcanxo enfrontado ao demó que espera o seu tributo de almas.



O INTERIOR DO TEMPLO



Loita de leóns. Antropomorfo. Lobos Epigrafe



Nave Central Xiroa Bóveda de cruceira nas ábsidas

TALLA DA VIRXE CO NENO

Posiblemente do século XII, a Virxe aparece sentada sostendo no colo ao neno que está a bendicir coa man dereita e, coa esquerda, sostén un libro.



Dous elementos básicos definen este baixo-relevo: o primeiro termo e a xeraquia. Deste xeito sinalase non só a preponderancia do persoero representado, senón tamén o hieratismo e o alonamento, amosando a infinita distancia entre os seres divinos e os humanos.

O simbolismo parece aludir á "Majestas Domini": aparece en maxestade, hierática, entronizada..., de xeito que tamén serve de trono ao neno.

IGREXA DE DE CAMBRE
HISTORIA, ARTE E SIMBOLOXÍA

INTRODUCCIÓN HISTÓRICA

A igrexa de Santa María de Cambre foi construída no século XII dentro da tradición do románico compostelano. Con todo, o Mosteiro foi fundado no século IX; Altolu construíu unha igrexa en "Calambar" coa advocación de San Salvador e Santa María. A dote foi considerable: vila de Cambre e arredores, Sigrás ("Cidriales") e a de Cela, entre outras.


A Casa de Traba, sobre todo Fernando Pérez de Andrade, Conde de Galicia e o seu pai, Pedro Froilaz, considerábanse descendentes da familia que no século X dominou a vila e o Mosteiro.



Na 2ª metade do século XII, o mosteiro dependía de San Paio de Antealtares e, no século XV, aparece xa como adscrito a San Martiño Pinario.

Como feitos destacados hai que subliñar a incursión do piratas ingleses comandados por Drake no ano 1589 e a dos exércitos napoleónicos no ano 1809; saquearon a reitoral así como a igrexa, que foi restaurada a partir de 1825. Debido á desamortización dos bens eclesíasticos realizada por Mendizábal (1848) desapareceu definitivamente o mosteiro, permanecendo a igrexa como parroquia até os nosos días.

Nunha das moitas inscricións que se conservan nos muros, destaca a do posible mestre construtor da igrexa: *Micheh' Petri me fecit*, aparece no salmer do arco do cuarto tramo da nave da esquerda.



A Ménsula
B Arquivolta
C semicolumnas adosadas
D Capitel
E Cimacio
F Tornachoivas

1 Porta occidental
2 Columnas e xambas
3 Tímpano
4 Arquivoltas
5 Ventá con arcos de ferradura

6 Contraforte
7 Rosetón
8 Torre
9 Campanario
10 Nave lateral

11 Nave central
12 Nave lateral
13 Arco formeiro
14 Arco faxón
15 Piar

16 Transepto, cruceiro
17 Xírola ou deambulatorio
18 Absidiolo
19 Altar, presbiterio
20 Ábsida

DESCRIPCIÓN ESTRUCTURAL

Describe planta de cruz latina con tres naves divididas en catro tramos. A cabeceira desenvólvese por medio dunha xírola aberta a cinco capelas absidiais. A cuberta é de carpintería tanto nas naves como no transepto. Aparece un lixeiro contraste entre o corpo arcaizante e a cabeceira, que xunta formas románicas con outras góticas (nervos, oxivas).

A fachada occidental componse de tres corpos que reflicten a organización interna en tres naves. Estes tres corpos sepáranse por medio de contrafortes centrais nos que se encostan semicolumnas. Entre os contrafortes e a porta hai dous codilos redondeados rematados por capiteis con cimacios prolongados horizontalmente. A porta está conformada por un tímpano apoiado en ménsulas figuradas e posúe dúas arquivoltas con columnas pareadas a interna e unha soa a externa. A continuación atópase o tornachoivas: sustentase por medio de seis canchris; despois ábrese un poderoso rosetón decorado con diversas molduras e un círculo interno de arquiños de ferradura cegos. Oito óculos radiais arredor dun central máis grande completan o conxunto profusamente decorado. Embudo: parcialmente no contraforte da dereita sobresaen un torcón cilíndrico que acubilla as escaleiras de caracol que levan aos niveis superiores da igrexa.

Nos dous corpos laterais ábreanse dúas fermosas ventás. A da esquerda amosa no corcamento un arco de medio punto cunha moldura externa saquelada, á que seguen cinco arquiños de ferradura. A ventá da dereita amosa cinco arquiños de ferradura pentalobulados, caso extraordinario no románico galego.



AS RELIQUIAS DE SANTA MARÍA DE CAMBRE

As reliquias foron o verdadeiro motor económico dos mosteiros medievais; canto maior fose a calidade dunha reliquia, maior sería a afluencia de peregrinos e xa que logo maiores serían os seus ingresos.

A Hídra de Xerusalén A tradición conta que esta é unha das linaxes onde Cristo converteu a auga en viño nas Vodas de Caná. Tanto a pedra na que está feita como a esvase estilística parecen demostrar que foi feita en Xerusalén no século XII, probablemente nun obradoiro de cantería templario. A Hídra curaba sobre todo enfermidades gastrointestinais tomando o seu pó en forma de infusión.

Vaso relicario. Atópouse nun nicho para reliquias e trátase dunha cunca con bordos formando un cuadrilóculo e asas dispostas en dous lobulós. Aínda conserva restos dunha cor verdeza ou ocre, coa superficie vidriada. Pódese datar na segunda metade do século XII.



BIBLIOGRAFÍA
Margarita Vila da Vila: La iglesia románica de Cambre, 1986
COAG: Arquitectura románica de La Coruña, 1983